



CIRCULAR INFORMATIVA 10/2024

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO: PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GARDA DE ASISTENCIA A PERSOAS INVESTIGADAS, DETIDAS E VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Nas últimas semanas a Xunta de Goberno está a recibir queixas por parte dalgúns letrados do servizo de garda, así como dos corpos e forzas de seguridade do Estado, en canto a que hai letrados deste servizo que non atenden os requirimentos para prestar as gardas, non contestan as chamadas da policía ou da garda civil ou que se escusan en que non están dispoñibles ou cambiaron o día da garda sen que conste a correspondente comunicación ao colexio. Ante esta situación e para asegurar a correcta prestación do servizo, a Xunta de Goberno, na sesión do 08.07.2024, tomou por unanimidade o acordo de reiterarlles a todos os letrados e letradas que prestan este servizo de garda o seguinte:

1. A prestación deste servizo deberá realizarse entre as 0 e as 24 h do día designado (no partido xudicial de Santiago, no resto dos partidos as gardas son semanais). O letrado designado deberá estar **permanentemente localizado durante as 24 horas do día da garda**.

O artigo 520 da LACrim establece que o avogado designado “acudirá ao centro de detención coa máxima puntualidade, sempre dentro do **prazo máximo de tres horas** dende a recepción da encarga...”.

A *Guía de boas prácticas de atención a vítimas de violencia de xénero* recomenda **atender a vítima coa máxima urxencia**.

2. O letrado de garda que se encontre imposibilitado para prestala no día que teña designado **deberá comunicarllo ao colexio** con antelación suficiente para poder xestionar a súa substitución. En casos de urxencia motivados por unha indisposición sobrevida e que coincida fóra do horario de oficina do colexio, poderase solicitar a un compañeiro da mesma lista de garda a substitución puntual. Esta substitución deberá poñerse en coñecemento do colexio en canto sexa posible.

A prestación do servizo de garda é **indelegable** e terá que ser realizado directamente polo letrado designado na lista de garda (salvo os supostos de substitución antes mencionados).

3. Sancións por incumprimento do servizo

De acordo cos artigos 130.2. c) e d) e 131.2 b) e f) do Estatuto do ICA Santiago, o incumprimento das ditas obrigas poderá ser cualificado como falta grave ou moi grave, con sancións de ata dous anos de suspensión no servizo, por falta grave, ou ata cinco anos, por falta moi grave (art. 133).

O colexio **iniciará de oficio** as correspondentes dilixencias de información previa ou expediente disciplinario cando teña coñecemento por calquera medio do incumprimento do servizo.